

PLAN DE EMERXENCIA- EVACUACIÓN

CEIP “MANUEL FRAGA IRIBARNE”

CARIÑO

ABRIL 2017

ÍNDICE

DOCUMENTO I: INFORMACIÓN XERAL DO RISCO

Capítulo 1. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade.

- 1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax.
- 1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e o de Xefe de Intervención, caso de ser distintos. Dirección Postal, Teléfono e Fax.

Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.

- 2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.
- 2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.
- 2.3 Clasificación e descrición de usuarios.
- 2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.
- 2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.

Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.

- 3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.
- 3.2 Cuadro de locais de risco especial segundo o C.T.E.

DOCUMENTO II: MEDIOS DE PROTECCIÓN

Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de emerxencia.

- 4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.

Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións.

- 5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.
- 5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.
- 5.3 Realización das inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente.

DOCUMENTO III: PLAN DE ACTUACIÓN

Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias.

- 6.1 Identificación e clasificación das emerxencias
- 6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias:
 - a) Detección e Alerta.
 - b) Mecanismos de Alarma.
 - b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.
 - b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.
 - c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.
 - d) Evacuación e/ou Confinamento.
 - e) Prestación das Primeiras Axudas.
 - f) Modos de recepción das Axudas externas.

DOCUMENTO IV: IMPLANTACIÓN

Capítulo 7. Integración do plan de emerxencia noutros de ámbito superior.

- 7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia
- 7.2 A coordinación entre a dirección do plan de emerxencia e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o plan de emerxencia.
- 7.3 As formas de colaboración da organización de emerxencia cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil.

Capítulo 8. Implantación do Plan de Emerxencia.

- 8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.
- 8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Emerxencia.

8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Emerxencia.

8.4 Programa de información xeral para os usuarios.

8.5 Sinalización e normas para a actuación de visitantes.

8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.

Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Emerxencia.

9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.

9.2 Programa de substitución de medios e recursos.

9.3 Programa de exercicios e simulacros.

9.4 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Emerxencia.

9.5 Programa de auditorías e inspeccións.

ANEXOS

Anexo I. Directorio de comunicación.

1. Teléfonos do Persoal de emerxencias.
2. Teléfonos de axuda exterior.
3. Outras formas de comunicación.

Anexo II. Formularios para a xestión de emerxencias.

Anexo III. Planos

DOCUMENTO I: INFORMACIÓN XERAL DO RISCO

CAPÍTULO 1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DO EMPRAZAMENTO DA ACTIVIDADE.

1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax.

Denominación	CEIP “MANUEL FRAGA IRIBARNE”
Dirección postal	Rúa A Area , 1
Localidade	A Pedra - Cariño
Teléfonos	Dirección: 881880437 Centralita: 881880434
Fax	881880440
Correo electrónico	Ceip.manuel.fraga@Pedu.xunta.es

1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e o de Xefe de Intervención. Dirección Postal, Teléfono e Fax.

Desenvolverá as funcións de Xefe de Emerxencias o Xefe de Estudos

Xefe de Emerxencias	María D. Bereijo Rodríguez
Dirección particular	#####
Localidade	Cedeira
Teléfonos	#####

Xefe de intervención	Francisco J. Macías Puente
Dirección particular	#####
Localidade	A Pedra
Teléfonos	#####

Esta información no se incorpora neste documento , sí estará no documento oficial.

CAPÍTULO 2. DESCRIPCIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE.

2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.

Actividade principal	
Niveis educativos	
	Educación Primaria
	Educación Infantil

2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.

Composición do colexio:

Edificio principal, trátase dunha edificación de baixo máis dúas plantas, con acceso ás plantas mediante unha escaleira e un ascensor.

Edificio anexo ,ao que chamaremos “ampliación”, trátase dunha edificación construída a carón do edificio principal, comunicada con este mediante un corredor estreito. Dispón de acceso directo desde o exterior.

Na planta baixa está situado o ximnasio e unha rampa de acceso para o edificio principal.

Vivenda do conserxe. Edificio de vivenda anexada ao edificio principal, sen comunicación interna.

Pavillón polideportivo municipal. Contruído no patio do colexio, non está comunicado con ningún dos edificios de docencia. Ten acceso directo desde o exterior e unha porta que se abre hacia o patio escolar.

2.2.1 Datos do conxunto do Establecemento.

Edificio	Uso	Superficie	Situación	Características estruturais
A – Edificio principal	Docencia	1900 m2	Rúa A Area , 1	Edificio de hormigón armado con cuberta de fibrocemento.
B – Edificio “Ampliación”	Docencia	840 m2	Parte posterior do edificio principal	Edificio de hormigón armado con cuberta de fibrocemento.
C – Vivenda do conserxe	Vivenda	70 m2	Parte posterior do edificio principal	Edificio de hormigón armado con cuberta de fibrocemento.
Pavillón polideportivo	Uso deportivo	1500 m2	Dentro do patio escolar, sen conexión cos edificios de docencia.	Edificio con bloques de hormigón armado con cuberta de fibrocemento e plástica.

2.2.2 Sectores de incendio.

En ningunha das edificacións existen sectores especificamente construídos para evitar a propagación do lume.

2.2.3 Superficies de cada planta ou sector.

Non existen.

2.2.4 Vías de evacuación.**Vías de Evacuación Horizontais**

Características	Pasillo 1	Pasillo 2
Ubicación	Planta baixa	Primeira planta
Clasificación	☒ Principal ☐ Alternativo	☒ Principal ☐ Alternativo
Lonxitude	42 metros	42 metros
Anchura vías	1,94 m.	1,94 m.
Alumeado de emerxencia	☒ SI ☐ NO	☒ SI ☐ NO
Alumeado de sinalización	☒ SI ☐ NO	☒ SI ☐ NO

Características	Pasillo 3	Pasillo 4
Emprazamento	Primeira planta	Segunda planta
Clasificación	☐ Principal ☒ Alternativo	☒ Principal ☐ Alternativo
Lonxitude	15 metros	42 m.
Anchura vías	1 m.	1,94 m.
Alumeado de emerxencia	☒ SI ☐ NO	☒ SI ☐ NO
Alumeado de sinalización	☒ SI ☐ NO	☒ SI ☐ NO

Características	Pasillo 5	
Emprazamento	Edificio ampliación	
Clasificación	☒ Principal ☒ Alternativo	
Lonxitude	7 metros	
Anchura vías	1,94 m.	
Alumeado de emerxencia	☒ SI ☐ NO	
Alumeado de sinalización	☒ SI ☐ NO	

Vías de Evacuación Verticais

Características	Escaleira 1	Escaleira 2
Emprazamento	Edificio principal	Ampliación
Clasificación	☒ Principal ☐ Alternativo	☒ Principal ☐ Alternativo
Tipo	☒ Cerrada ☐ Exterior	☒ Cerrada ☐ Exterior
Lonxitude	30 m.	14 m.
Anchura vías	1,60 m.	1,60 m.
Posúe vestíbulos	☒ SI ☐ NO	☒ SI ☐ NO
Alumeado de emerxencia	☒ SI ☐ NO	☐ SI ☒ NO
Alumeado de sinalización	☐ SI ☒ NO	☐ SI ☒ NO

2.3 Clasificación e descrición de usuarios.

Usuarios/as	Características
Alumnado	Desde os 2 ata os 13 anos. As condicións de mobilidade están relacionadas coa idade.
Profesorado.	Non presenta dificultades de mobilidade.
Persoal de servizos	Unha coidadora durante os períodos lectivos. Dúas persoas de servizo de limpeza. Un conserxe.

2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.**2.4.1 Datos da contorna.**

O colexio atópase nunha zona afastada do núcleo urbano, aída que existen vivendas ailladas próximas pero non lindeiras.

O entorno poderíase considerar rural, pois limita coa praia e zonas de cultivo (abandonadas).

2.4.2 Usos de edificios lindeiros.

Non existen edificios lindeiros.

2.4.3 Locais potencialmente perigosos da contorna.

Non existen locais potencialmente perigosos na contorna.

2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.**2.5.1 Accesos.**

A porta de entrada principal está situada na rúa A Area , unha vía de 8 metros de ancho , cunha zona de parking de 4 metros ao longo do valado do colexio , e outra zona de parking na porta principal do pavillón polideportivo municipal.

A porta principal permite o acceso de vehículos grandes (camións).

Os accesos secundarios ao colexio, zona de aparcadoiro dos autobuses de transporte escolar, fanse mediante dúas portas estreitas que dificilmente permiten o paso de dúas persoas ao mesmo tempo. Lóxicamente non permiten o acceso de vehículos. Comunica cunha vía secundaria de 6 metros con campo non edificado.

A vía secundaria está limitada por un terreo non cultivado que permite o acceso de vehículos para xiros ou aparcadoiro.

2.5.2 Ancho das vías.

Rúa A Area (entrada principal) é de 8 m.

Vía secundaria (entrada alumnado de transporte escolar) é de 6 m.

2.5.3 Sentidos de circulación.

As dúas vías de circulación permiten a circulación en ámbolos dous sentidos.

2.5.4 Accesibilidade de vehículos pesados.

Desde a rúa A Area pode accederse con vehículos de gran tamaño.

Desde a vía secundaria é imposible o acceso de camiós debido a que as portas de entrada son estreitas (de paso individual). Pero existe moito espazo para posicionar vehículos pesados no exterior.

Non existen impedimentos para o xiro de vehículos no interior do patio do colexio, sempre que o acceso sexa pola porta principal.

CAPÍTULO 3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS.

3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.

3.1.1 Instalacións propias do edificio.

Non parece probable que as características das edificacións poidan xerar unha emerxencia, agás no caso dun terremoto ou de movementos de vento de gran velocidade.

3.1.1.1 Electricidade.

A instalación eléctrica debe cumprir o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e normas complementarias que o desenvolven.

Débense especificar os seguintes datos:

Fonte de subministro	☐ xeneración propia ☒ compañía FENOSA
Potencia xerada ou contratada	100 Amp
Emprazamento do cadro xeral	Oficina do conserxe.
Emprazamento dos cadros de zonas	Nos pasillos das diferentes plantas. Na sala do rack (instalación informática) Aula de informática. Sala da ANPA (ampliación)

3.1.1.4 Calefacción.

As características da caldeira que convén apuntar son:

Combustible	Gasóleo
Ubicación	Parte posterior do edificio principal. Nun local específico.

Depósito:

Tipo de combustible	Gasóleo
Uso	☒ calefacción ☐ auga quente
Tanque	☐ aéreo ☒ enterrado
Capacidade	10.000 litros
Emprazamento	Patio anterior do edificio principal, aprox. Fronte á porta de entrada.

3.1.2 Laboratorios e Talleres

Local	Emprazamento	Risco
Taller	Planta baixa	Na actualidade non se usa como taller , agás para pequenas reparacións por parte do conserxe ou o profesorado. Os riscos poden ser cortes ou queimaduras. Dispón de extintor e caixa de urxencias.
Laboratorio	Ampliación	Na actualidade non se utiliza como laboratorio de química , polo que o risco por contacto con produtos tóxicos ou corrosivos é baixa. Desenvólvense actividades relacionadas cos STEM.

3.2 Cuadro de locais de risco especial segundo o C.T.E.

Non existen locais de risco especial.

DOCUMENTO II: MEDIOS DE PROTECCIÓN

CAPÍTULO 4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE EMERXENCIA.

4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.

4.1.1 Medios materiais: Instalacións de Protección.

No colexio non existen dispositivos de detección automática , alarmas de incendios nin elementos fixos para actuar contra o lume.

4.1.1.1 Detección automática.

4.1.1.2 Instalación de alarma.

4.1.1.3 Instalacións fixas de extinción.

4.1.1.4 Bocas de Incendio Equipadas.

4.1.1.5 Extintores.

Segundo o Regulamento 1942/93, os extintores de incendio axústanse ao establecido no Regulamento de aparellos a presión e á súa instrución técnica complementaria MIE-AP5. Serán facilmente visibles e accesibles e estarán próximos aos puntos de risco.

O DB SI establece que deben contar con esta instalación os establecementos e zonas destinadas aos usos seguintes:

Uso previsto do edificio ou condicións do establecemento	
En xeral	Un de eficacia 21A -113B: - Cada 15 m de recorrido en cada planta, como máximo, dende toda orixe de evacuación. - Nas zonas de risco especial conforme ao capítulo 2 da Sección 1 (1) de este DB.

(1) Un extintor no exterior do local ou da zona e próximo á porta de acceso, o cal poderá servir simultaneamente a varios locais ou zonas. No interior do local ou da zona instalaranse ademais os extintores necesarios para que o percorrido real até algún deles, incluído o situado no exterior, non sexa maior que 15 m en locais de risco especial medio ou baixo, ou que 10 m en locais ou zonas de risco especial alto.

A clasificación dos extintores pode facerse de diversas formas. Vanse a clasificar pola carga, o axente extintor e a eficacia.

CLASIFICACIÓN SEGUNDO A CARGA

En función da mesma divídense en portátiles e sobre rodas.

Extintores portátiles

O seu peso máximo debe ser igual ou inferior a 23 Kg. Esta definición corresponde aos extintores portátiles MANUAIS.

Tamén se utilizou un tipo de extintor portátil con peso inferior a 30 Kg. Cunha atalaxe para levar suspendido ás costas. Son os extintores portátiles DORSAIS.

Extintores sobre rodas

Son aqueles extintores que, polo seu peso, están dotados de rodas para poder desprazalos sobre o chan, ben por unha ou varias persoas, ben remolcados.

CLASIFICACIÓN SEGUNDO O AXENTE EXTINTOR

Pódense clasificar como extintores de:

1. Auga: poderá levar ou non aditivos e o seu sistema de proxección pode ser a barullo ou *pulverizada.
2. Espuma: poderá ser física ou química.
3. Po: pode ser á súa vez de:
 - Po convencional (BC)
 - Po polivalente (ABC)
 - Po especial para metais (D)
4. Anhídrido carbónico (CO₂)

CLASIFICACIÓN SEGUNDO A EFICACIA

Dun tempo para acó xa non se fala de extintores de tantos quilos, senón de extintores de tal ou cal eficacia.

A eficacia determínase por un número ou unha letra. Ambos conxuntamente definen o lume TIPO que é capaz de extinguir un determinado extintor. O NÚMERO indica a cantidade de combustible utilizado no lume tipo e a LETRA é o tipo de combustible empregado no fogar tipo.

Na relación de extintores do establecemento hase de considerar:

- O axente extintor.
- A eficacia.
- O número de identificación do extintor.
- A localización.

Número	Axente extintor	Eficacia	Nº de placa	Emprazamento
1	ABC	27A 183B C	3897949	Salón de actos
2	ABC	27A 183B C	llexible	Entrada
3	C02	Incendio eléctrico	llexible	Oficina conserxe
4	ABC	27A 183B C	3898000	Taller
5	ABC	27A 183B C	3897565	Pasillo planta baixa.
6	ABC	27A 183B C	llexible	Caldeira
7	ABC	27A 183B C	3897995	Primeira planta pasillo
8	ABC	27A 183B C	3897950	Primeira planta pasillo
9	ABC	27A 183B C	3897967	Segunda planta pasillo
10	ABC	27A 183B C	3897 llexible	Segunda planta pasillo
11	ABC	27A 183B C	3898002	Ampliación
12				
13				
14				

Segundo o criterio do sentido común, a localización de extintores farase:

- Próximos aos lugares de risco.
- Nas entradas ou saídas dos recintos de risco.
- Con fácil visibilidade.
- Con fácil acceso (a parte superior do extintor NON debe estar a máis de 1'70 m do chan).
- Protexidos dos ambientes agresivos.

Importante:

Non existen extintores na sala do rack nin na aula de informática, lugares onde pode xurdir un risco por incendio de dispositivos eléctricos.

4.1.1.6 Iluminación de emerxencia.

Existen dispositivos de iluminación de emerxencia xunto ás portas das aulas e nos pasillos. Tamén están ubicados nas portas de saída.

Posición e características das luminarias

Co fin de proporcionar unha iluminación adecuada as luminarias cumprirán as seguintes condicións:

- a) situaranse polo menos a 2 m por encima do nivel do chan;
- b) disporase unha en cada porta de saída e en posicións nas que sexa necesario destacar un perigo potencial ou o emprazamento dun equipo de seguridade. Como mínimo disporanse nos seguintes puntos:
 - nas portas existentes nos percorridos de evacuación;
 - nas escaleiras, de modo que cada tramo de escaleiras reciba iluminación directa;
 - en calquera outro cambio de nivel;
 - nos cambios de dirección e nas interseccións de corredores;

Características da instalación

1. A instalación é fixa, con fonte propia de enerxía que entrar automaticamente en funcionamento ao producirse un fallo de alimentación na instalación de iluminación normal nas zonas cubertas pola iluminación de emerxencia. Considérase como fallo de alimentación o descenso da tensión de alimentación por baixo do 70 % do seu valor nominal.
2. A iluminación de emerxencia das vías de evacuación debe alcanzar polo menos o 50% do nivel de iluminación requirido ao cabo dos 5 s e o 100 % ao 60 s.
3. A instalación cumprirá as condicións de servizo que se indican a continuación durante unha hora, como mínimo, a partir do instante en que teña lugar o fallo:
 - a) Nas vías de evacuación cuxa anchura non exceda de 2 m, a iluminancia horizontal no chan debe ser, como mínimo, 1 lux ao longo do eixo central e 0,5 lux na banda central que comprende polo menos a metade da anchura da vía. As vías de evacuación con anchura superior a 2 m poden ser tratadas como varias bandas de 2 m de anchura, como máximo.
 - b) Nos puntos nos que estean situados os equipos de seguridade, as instalacións de protección contra incendios de utilización manual e os cadros de distribución da iluminación, a iluminancia horizontal será de 5 Lux, como mínimo.
 - c) Ao longo da liña central dunha vía de evacuación, a relación entre a iluminancia máxima e a mínima non debe ser maior que 40:1.
 - d) Os niveis de iluminación establecidos deben obterse considerando nulo o factor de reflexión sobre paredes e teitos e contemplando un factor de mantemento que englobe a redución do rendemento luminoso debido á sucidade das luminarias e ao envellecemento das lámpadas.
 - e) Co fin de identificar as cores de seguridade dos sinais, o valor mínimo do índice de rendemento cromático Ra das lámpadas será 40.

Iluminación dos sinais de seguridade

1. A iluminación dos sinais de evacuación indicativas das saídas e dos sinais indicativos dos medios manuais de protección contra incendios e dos de primeiros auxilios, deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) a luminancia de calquera área de cor de seguridade do sinal debe ser polo menos de 2 cd/m² en todas as direccións de visión importantes;
- b) a relación da luminancia máxima á mínima dentro da cor branca ou de seguridade non debe ser maior de 10:1, debéndose evitar variacións importantes entre puntos adxacentes;
- c) a relación entre a luminancia L_{branca}, e a luminancia L_{color} >10, non será menor que 5:1 nin maior que 15:1.
- d) os sinais de seguridade deben estar iluminadas polo menos ao 50 % da luminancia requirida, ao cabo de 5 s, e ao 100 % ao cabo de 60 s.

Igual que se indicaba cos extintores, o sentido común di que hai que situar aparellos de iluminación de emerxencia en:

- - Próximo a todas as interseccións.
- - Encima das portas de saída.
- - Próximo a todos os cambios de dirección.
- - Nas escaleiras e rellanos.
- - Próximo a calquera cambio de nivel do chan.
- - Próximo ás alarmas contra incendios.
- - Próximo aos equipos de extinción.
- - Encima das saídas de emerxencia.
- - Xunto ao cadro xeral de iluminación

4.1.2 Medios humanos do Establecemento.

As persoas que participan na emerxencia constitúen a Brigada de Emerxencias e está formada por:

- Xunta de emerxencia escolar
- X. E., Xefe de Emerxencias.
- X. I., Xefe de Intervención.
- E. A. E., Equipo de Alarma e Evacuación.
- E. P. A., Equipo de Primeiros Auxilios.
- E. P.I., Equipo de Primeira Intervención.

4.1.2.1 Xunta de Emerxencia Escolar

Está composto por:

- A Dirección.
- Representantes dos distintos colectivos que componen o Consello escolar

As súas funcións fundamentais son:

- Programar as actividades necesarias para crear unha política de prevención no establecemento.
- Avaliar e analizar a programación prevista, incluídos os simulacros.

4.1.2.2 Xefe de Emerxencias (X.E.).

É a persoa encargada pola Dirección para resolver as emerxencias.

No plan de emerxencia ten as seguintes funcións:

- Programa de Mantemento das instalacións.
- Programa de Formación da Brigada.
- Investigación das emerxencias.
- Implantación do Plan.
- Recepción das Alarmas.
- Declaración do tipo de Emerxencia.
- Revisión e actualización do plan.
- Supervisión dos exercicios de evacuación e das prácticas da Brigada.
- Recepción dos partes de incidencias.
- Recepción e información a Axudas Exteriores.

4.1.2.3 Xefe de Intervención (X.I.).

É o coordinador dos equipos que interveñen na resolución da emerxencia.

As súas funcións son:

- Coordinación dos equipos que interveñen na resolución das emerxencias.
- Dirección das prácticas de extinción e de primeiros auxilios que realice a Brigada de emerxencias.
- Substitución do Xefe de Emerxencias.
- Colaboración co Xefe de Emerxencias na formación da Brigada.

4.1.2.4 Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.).

É o equipo que dá a alarma no seu sector e o evacúa.

As súas misións son:

- Dar a alarma na súa zona ou sector.
- Dirixe o fluxo de evacuación.
- Comproba que a súa zona está baleira.
- Controla os evacuados nos Puntos de Reunión.

4.1.2.5 Equipo de Primeiros Auxilios (E.P.A.).

É o equipo que dá atención sanitaria primaria até a chegada de persoal sanitario especializado.

As súas misións son:

- Prestar Primeiros Auxilios aos accidentados ata a chegada de Persoal Sanitario Especializado.
- Axudar na Evacuación dos feridos baixo a Dirección do Persoal Sanitario.

4.1.2.6 Equipo de Primeira Intervención.

É o equipo que se encarga de avaliar o suceso e activar os mecanismos e procedementos adecuados segundo o caso.

Toda a información que recollan sobre o incidente a deben poñer en coñecemento do Xefe de Intervención e a Xefa de Emerxencias.

Non farán nada que supoña un risco para a súa integridade e non asumirán tarefas para as que non teñen formación.

4.1.2.6 Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.).

É o equipo que actúa contra a emerxencia no primeiro momento tentando resolvela

Realizarase un cuadrante que recolla ao persoal adscrito a Brigada de Emerxencias

COMPOSICIÓN DAS BRIGADAS.

XUNTA DE AUTOPROTECCION
Por acordo do Consello Escolar , adoptado o martes 18 de abril de 2017, formarán parte da “Xunta de Autoprotección” todas as persoas que integran o Consello Escolar.
XEFE DE EMERXENCIA
Cargo directivo presente no centro
Directora: María D. Bereijo Rodríguez.
XEFE DE INTERVENCIÓN
Francisco J. Macías Puente
SUPLENTE
Tamara Salgueiro Veiga
EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCION
Jesús Orizales
Deli Lorenzo
Manuel Salgueiro
EQUIPO PRIMEIROS AUXILIOS
José Manuel Docal
Carlos Miranda
Mª Carmen Amor
EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN
Juan Manuel Lorenzo
María Teresa Piñeiro
María José Aneiros
Inés Castro
Lucía Diéguez

CAPÍTULO 5. PROGRAMA DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS.**5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.**

O mantemento das instalacións propias realizarase conforme establece a normativa vixente.

Revisións.	Responsable.
Instalación eléctrica	Concello.
Conducción de auga de calefacción.	Concello.
Ascensor	ENOR
Extintores.	COFERSA
Construcións	Concello.

5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.

O mantemento das instalacións de Protección realizarase conforme establece a normativa vixente, (na actualidade o R.D.1942/1993 e a Orde de 16/04/1998) nas datas que hai que concretar no Plan.

A Iluminación de emerxencia e a Sinalización considéranse tamén como instalacións de protección e deberán revisarse nuns períodos prudentes que se consideran cada seis meses

Á iluminación de emerxencia realizaráselle unha proba de funcionamento.

A sinalización comprobarase que está visible e que sinala o que ten que sinalar, xa que se puideron cambiar determinados aspectos da instalación durante eses meses e non se modificou o sinal.

Mantemento dos extintores

1. Operacións a realizar polo persoal da empresa mantedora , ou ben, polo persoal do usuario ou titular da instalación:
 - a) Cada tres meses:
 1. Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de observación.
 2. Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións etc.
 3. Comprobación do peso e presión no seu caso.
 4. Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas.
2. Operacións a realizar polo persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo ou sistema ou polo persoal da empresa mantedora autorizada:
 - a) Cada ano:
 1. Comprobación do peso e presión no seu caso.
 2. No caso de extintores de po con botello de gas de impulsión comprobarase o bo estado do axente extintor e o peso e aspecto externo do botello.
 3. Inspección ocular do estado das partes mecánicas.
 - b) Cada cinco anos:
 1. A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase ao retimbrado do mesmo de acordo coa ITC MIE AP5 do Regulamento de aparellos a presión sobre extintores de incendios.

DOCUMENTO III: PLAN DE ACTUACIÓN

CAPÍTULO 6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.

6.1 Identificación e clasificación das emerxencias.

Seguindo os criterios establecidos en plans de Protección Civil, establécense os seguintes tipos de emerxencia:

- Preemerxencia
- Emerxencia parcial
- Emerxencia xeral

En función do tipo de risco, atopamos os seguintes tipos de emerxencias:

1. Riscos Naturais.

Risco de inundacións.

Considérase que existe unha probabilidade moi remota de perigo de inundación na contorna do colexio.

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil que corresponda declare a situación de alerta.
- Non existe emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a inundación

Risco sísmico.

- Non existe preemerxencia nin emerxencia parcial xa que este fenómeno non é predicible.
- A emerxencia xeral é sempre a terremoto pasado, e tomaranse medidas reparadoras.

Riscos meteorolóxicos (ou climáticos).

Debido ás características da zona onde se atopa o colexio, podemos considerar este risco como o máis probable, en especial no que se refire á presenza de ventos fortes.

A Consellería de Educación determina as actuacións segundo o nivel de alerta. En determinadas situacións, a dirección do colexio poderá tomar unha decisión que complemente ou amplíe as instrucións da Consellería de Educación.

2. Riscos Tecnolóxicos.

Riscos industriais.

Derivados de fallos na instalación ou aparellos eléctricos.

- A preemergencia sobrevirá despois de calquera incidente que non poida ser controlado.
- A emerxencia parcial dependerá da evolución da preemerxencia e dos resultados das actuacións do persoal do centro educativo.
- A falta de control da emerxencia nun lugar determinado levará á emerxencia xeral.

Riscos en Transporte de mercadorías perigosas (TMP)

Este tipo de risco pode acontecer na entrada e permanencia no patio do colexio de vehículos de transporte de combustible para a calefacción (gasóleo).

- A preemergencia sobrevirá despois de calquera incidente que non poida ser controlado polo persoal encargado do transporte.
- A emerxencia parcial dependerá da evolución da preemerxencia e dos resultados das actuacións do persoal encargado do transporte.
- A falta de control da emerxencia nun lugar determinado levará á emerxencia xeral.

3. Riscos Antrópicos.

Risco de incendio.

Podemos considerar debido ás actividades que se desenvolven no centro, que non existe un risco elevado de incendio ou explosión. As zonas con maior risco potencial son o local da caldeira , o rack , os cadros eléctricos e a sala de máquinas do ascensor. Nas outras zonas o risco de incendio está relacionada coa presenza de mobiliario e papel.

- A preemerxencia son todos os conatos de incendio,
- Non existe emerxencia parcial debido as características do alumnado do colexio (E. Infantil e Primaria).
- A emerxencia xeral iníciase se non é posible controlar o lume cos medios dos que dispón o edificio (extintores portátiles).

Para a valiación de risco de incendio considerárase que todas as edificacións son de uso docente tendo en conta as limitacións de capacidade. Por exemplo o Pavillón Polideportivo Municipal non ten unha ocupación superior aos 300 espectadores.

No caso da biblioteca, non supera os 250 m² de superficie.

O edificio non dispón de medios automáticos para a detección de incendios, pero segundo a lexislación (uso docente e superficie menor a 5.000 m²) non ten obriga de instalar este tipo de dispositivos.

Evacuación descendente.

Efectuarase polas escaleiras do edificio principal cara ao exterior. No edificio anexo (ampliación) as escaleiras conducen ao patio interior.

O descenso polas escaleiras levarase a cabo en dúas filas paralelas e separadas para evitar empuirrons, e deixando o espazo interior para a circulación do persoal das Brigadas.

Riscos por fallos no edificio.

Revisaranse periódicamente os peches perimetrais do colexio para detectar roturas nos elementos.

6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias.

a) Detección e Alerta.

Podemos definir dúas situacións:

Incidentes con preaviso: neste caso a Brigada de Emerxencia terá información sobre a preemerxencia e estará previda para actuar en caso necesario. Terán esta consideración , por exemplo, as alertas comunicadas desde a Consellería de Educación.

Incidentes inesperados, como pode ser un incendio , neste caso a Brigade de Emerxencias mobilizarase tras a declaración da alerta.

O sistema de detección da emerxencia será:

- Sistemas predictivos da Administración para os fenómenos naturais.
- Detección humana para incendios, escapes, etc.

A alerta transmitirase polos seguintes medios:

- Preferentemente mediante toques curtos de serea.
- No caso fallo eléctrico utilizarase un dispositivo manual de sonido ou un silbato.

b) Mecanismos de Alarma.

A alarma de emerxencia comunicarase por orde de prioridade do seguinte xeito por orde de prioridade:

1. Toques curtos e continuados da serea.
2. No caso de nun funcionar a serea, o conserxe ou a persoa asignada nese momento, utilizará un dispositivo de mano ou un silbato para comunicar a alarma.

O Equipo de Alarma actuará por orde do Xefe/a de Emerxencias para que o aviso chegue a todo o persoal.

Non existirán ordes de evacuación de sectores ou zonas, de ser necesario evacuarase sempre todo o colexio.

En caso de confinamento , todas as persoas (alumnado, profesorado e PAS) permanecerá no interior dos edificios ata que sexa comunicada a evacuación.

b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.

A persoa encargada de comunicar os avisos será o Xefe ou Xefa de Emerxencias, no caso de non poder levar a cabo esta función , ocuparase das comunicacións o suplente ou o Xefe/a de Intervención.

Tipos de avisos:

Ao persoal do colexio: segundo o que se determina no punto anterior.

Ás axudas exteriores: farase utilizando o teléfono, hai que ter en conta que non é posible efectuar chamadas cos teléfonos fixos se hai un corte de electricidade.

b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.

O Centro Coordinador de Emerxencias do establecemento está situado na entrada principal do edificio, e fará uso do teléfono situado na oficina do conserxe.

De ser necesario , a persoa Xefe de Emerxencias , ou a persoa na que delegue efectuará unha chamada ao 112 para comunicar a situación de emerxencia e seguirá as instrucións deste organismo.

Un dos integrantes do Equipo de Alerta quedará a cargo do Centro de Control para facer as comunicacións externas precisas (aviso a familiares de alumnos de ser o caso) ou responder ás consultas.

En caso de ser necesaria a evacuación, ningunha persoa permanecerá dentro do edificio, polo que deixará de existir o Centro de Control.

Na oficina do conserxe, e nun lugar visible colocárase un cartel cos teléfonos de axuda exterior.

O responsable do Centro de Comunicacións será a persoa que ostente a secretaría, por motivos de organización poderase ocupar desta función outra persoa designada pola Xefa de Emerxencia. Por orde da Xefa de Emerxencia será a persoa encargada de anular os avisos ás axudas exteriores.

Actuación da persoa que está na central :

Situación de NORMALIDADE

- Manter actualizado o directorio de teléfonos de emerxencia.
- Ter sempre en lugar visible devandito directorio.

Situación de EMERXENCIA

- Efectuar as chamadas de emerxencia segundo a orde establecida.
- Dar os avisos de emerxencia polo procedemento establecido.
- Seguir as instrucións do Xefe de Emerxencias.

En horario extraescolar e período vacacional será o persoal que se atope no colexio o que actúe e comunique a emerxencia.

c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.

Os usuarios e traballadores que non pertencen á Brigada de Emerxencias, seguirán as instrucións que lles transmita o Equipo de Alarma e Evacuación.

O persoal adscrito á Brigada de Emerxencias cumprirá as tarefas asignadas ao Equipo en que estean integrados, segundo o tipo de emerxencia.

d) Evacuación e/ou Confinamento.

As evacuación poderanse producir por incendio, danos estruturais das construcións, ou por orde das forzas e corpos de seguridade.

Os puntos de reunión están indicados no plano do colexio que se xunta. Existe un punto principal situado no patio posterior, no campo de fútbol , e outro alternativo na parte anterior do edificio , no parque de educación infantil.

Os percorridos de evacuación están especificados nos planos de cada planta do edificio. As persoas que ocupan o edificio principal evacuarán pola porta principal , agás o alumnado e profesorado de E. Infantil que o fará polo patio interior. As persoas ocupantes do edificio ampliación saíran pola porta de acceso ao patio interior.

Os percorridos principais de evacuación están sinalizados con liñas contínuas, mentres que os percorridos alternativos están sinalizados con liñas discontinúas.

O profesorado de apoio en E. Infantil será responsable da coordinación da evacuación nas aulas de E. Infantil. No caso de que esta persoa non esté presente no colexio ou esté atendendo a outro alumnado, actuará como coordinadora a mestra/e de E. Infantil que non imparta docencia.

O persoal técnico auxiliar educativo (coidadora) colaborará coa evacuación do alumnado con dificultades de mobilidade.

Actuará como persoa coordinadora de evacuación na primeira planta a xefa do dto de Orientación ou , no caso de non estar presente no colexio , o profesorado de garda.

A persoa coordinadora na evacuación da segunda planta será a especialista de Audición e Linguaxe.

A persoa coordinadora na evacuación da ampliación planta será a especialista de Pedagogía Terapéutica.

As persoas feridas serán transportadas segundo as instrucións do centro de emerxencias ou do persoal técnico. Dependendo da gravidade das lesións poderán ser evacuados polo persoal do colexio.

Nas oficinas de dirección e na sala do conserxe existirán listaxes do alumnado para controlar a presenza no punto de reunión.

O profesorado responsable de cada grupo deberá comprobar a ausencia dos nenos e nenas .

A recompilación de datos corresponderá aos membros do E. A. E. Son as únicas persoas que deben achegarse ao C.C. para dar información dos asistentes e non asistentes ao momento de reunión así como a información de persoas atrapadas ou feridas no seu sector/planta/aula.

Dada a orde de evacuación, os ocupantes dirixiranse inmediatamente á saída asignada á súa zona e unha vez no exterior dirixirase ao momento de reunión.

As persoas con impedimentos físicos de mobilidade serán acompañadas pola técnica auxiliar educativa en caso de E. Infantil , ou polo profesorado de garda ou con sesións non lectivas.

Non existen instrucións para o recate de persoas feridas ou atrapadas, xa que depende da tipoloxía da situación, ou as características do alumnado. Só en caso de extrema gravidade para

evitar danos maiores , o persoal adulto do colexio actuará con liberdade, tomando as decisións que considere máis adecuadas co fin poñer solución ao problema.

No momento que sexa posible publicárase información sobre a situación no sitio web oficial do colexio <http://edu.xunta.gal/ceipmanuelfraga> . Non se divulgarán datos persoais.

Actuación do profesorado con alumnado ao seu cargo.

No momento de escoitar o sinal de alerta de evacuación seguirán o seguinte procedemento.

1. Avisar ao alumnado, incluído o que poida atoparse nos aseos.
2. Pechar as fiestras.
3. Formar unha fila para a saída da aula.
4. Esperar a orde de evacuación.
5. Seguir o percorrido de evacuación sinalado nos planos e as instrucións do persoal do Equipo de Alerta e Evacuación.
6. Manter a fila uniforme, respectando a situación dos outros grupos.
7. Acompañar ao alumnado ata o punto de reunión.
8. Comprobar se todo o alumnado do seu grupo está presente.
9. Comunicar aos membros do E.A.E. se están todos os alumnos e alumnas.

Actuación do Equipo de Alerta e Evacuación.

Cortar os suministros segundo as características da emerxencia.

Dar instrucións ao profesorado que acompaña ao alumnado.

Verificar a desocupación do edificio segundo a zona asignada.

Verificar que as fiestras están pechadas.

Verificar que as vías de evacuación están libres.

Colaborar co profesorado e o alumnado, especialmente nos casos de mobilidade reducida.

Recompilar os datos do alumnado presente no punto de reunión.

Facer chegar a información sobre o alumnado presente ou ausente á Xefa de Emerxencias.

INSTRUCCIÓNS DE EVACUACIÓN

1. Manter a calma.
2. Comezar a evacuación cando se de o sinal de alarma.
3. Obedecer instrucións do E. A. E.

4. Evacuar a zona en orde, sempre as aulas mais próximas as escaleiras no primeiro lugar e as plantas inferiores antes as superiores
5. Realizar a evacuación en silencio.
6. Si a vía de evacuación está chea de fume, selar o acceso e esperar as axudas exteriores.
7. Si cando soa o sinal de evacuación non se está no seu lugar habitual, deberase unir ao primeiro grupo que se vexa e dar conta desa circunstancia no punto de reunión.

PROHIBICIÓNS durante a evacuación

1. Separarse do grupo evacuado.
2. Deixar ocos nas filas de evacuación.
3. Levar vultos ou similares.
4. Correr.
5. Empuxarse e atropelarse.
6. Deterse.
7. Retroceder por algo ou por alguén.
8. Utilizar os ascensores.
9. Abandonar os puntos de reunión até nova orde.

NORMAS XERAIS

1. En xeral, axudarse uns a outros.
2. Transportar aos impedidos dunha maneira eficaz.
3. Dirixir e axudar con especial atención aos discapacitados.
4. Comunicar ao E. A. E. as incidencias observadas na evacuación.
5. Parar e desconectar as máquinas que se estean utilizando.

Emerxencias durante o recreo.

No caso de producirse unha alerta durante no tempo de lecer (recreo) , o alumnado dirixirase hacia as zonas de reunión acompañado do profesorado de garda no patio, ao que se unirá no menor tempo posible o resto do profesorado.

O alumnado do interior do edificio, evacuará seguindo as instrucións do profesor/a de garda na biblioteca , ou dos membros do equipo de evacuación.

DOCUMENTO IV: IMPLANTACIÓN

CAPÍTULO 7. INTEGRACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR.

7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia.

Unha vez que o ordene o Xefe de Emerxencias, realizaranse as chamadas aos Servizos de Axuda Exterior.

Como norma xeral e sempre que se necesite avisar a varios Servizos, é recomendable avisar ao teléfono de Emerxencias 1 1 2, xa que, cunha soa chamada, está a avisarse a todos os Servizos necesarios. En caso de emerxencia médica, pódese chamar ao Servizo de emerxencias sanitarias 061, pero única e exclusivamente en caso de emerxencia sanitaria.

7.2 A coordinación entre a dirección do Plan de Emerxencia e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o Plan de Emerxencia.

Este Plan de Emerxencia será comunicado aos servizos de Protección Civil de ámbito local, e entregárase unha copia no Concello co fin de que a faga chegar aos servizos de prevención , extinción de incendios , salvamento e policía local.

Unha vez que se solicitou axuda aos Servizos de Axuda Exterior, cando cheguen ao establecemento e sexan informados polo Xefe de Emerxencias, fanse cargo da resolución da emerxencia.

En función da evolución da emerxencia, se fose necesario, o Xefe de Intervención do Servizo de Axuda Exterior Municipal poderá propor á Autoridade Política a activación do Plan de Protección Civil de Ámbito Local.

No caso de activarse o Plan de Protección Civil de Ámbito Local, a Dirección da emerxencia corresponderá ao Director do Plan, xeralmente o Alcalde, Xefe Local de Protección Civil, asistido polo Comité Asesor, e que ten no lugar da emerxencia un Posto de Mando Avanzado, composto polos Xefes de Intervención dos Servizos de Axuda Exterior Municipais.

7.3 As formas de colaboración da Organización de Emerxencia cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil.

Na elaboración deste documento (Plan de Emerxencia-Evacuación) colaborou o Concello de Cariño e o servizo de Protección Civil e , desenvolvendo labores de asesoramento.

Os servizos de protección civil e o Concello de Cariño participan na planificación dos simulacros , na posta en práctica e no análise das actuacións.

CAPÍTULO 8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA.

8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.

A responsabilidade corresponde ao titular da actividade e, na parte que corresponda, a aquelas persoas en quen delegue, sempre en función dos medios e autonomía que dispoñan.

A responsable de por en funcionamento o Plan de Emerxencia é a dirección do colexio.

Todo o persoal directivo, os mandos intermedios, técnicos e traballadores teñen que participar para conseguir a implantación do Manual de Emerxencia e os fins do mesmo. (Lei 31/95, art. 20).

Como xa se indicou no apartado 4.1.2, o Xefe de Emerxencias é o responsable da implantación de plan.

As funcións de Xefa de Emerxencias recaerán sobre a directora: María D. Bereijo Rodríguez.

8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Emerxencia.

Na aula virtual do colexio habilitarase un espazo (curso) para contribuir á formación do persoal, en especial do que forma parte das Brigadas de Emerxencia.

Realizaranse as xestións necesarias ante a Consellería de Educación, organismos oficiais e asociacións para facilitar ao profesorado e persoal de administración e servizos unha formación adecuada.

A responsabilidade de formación dos profesionais que forman parte das Brigadas e , en xeral , todo o persoal do centro será o empresario, ou neste caso, a figura equivalente.

Formación específica das brigadas.

Equipo de Primeiros Auxilios :

- Sinalización.
- Coñecemento do Plan.
- os primeiros auxilios aos accidentados.
- as técnicas básicas de RCP.
- o transporte de feridos.

Equipo de Primeira Intervención:

- Sinalización.
- Coñecemento do Plan.
- A teoría do lume.
- Tipos de lumes
- Mecanismos de extinción
- Os axentes extintores.
- Os equipos de loita contra incendios.
- Prácticas con lume real.

8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Emerxencia.

Realizaranse sesións plenarias anuais (al menos unha) para informar ao persoal do colexio (profesorado e PAS) das características do Plan de Emerxencia e Evacuación.

Na reunión informativa para todo o persoal do establecemento, darase a coñecer o Plan de Emerxencia do establecemento e explicaranse as funcións de cada membro da Brigada de Emerxencias.

A información sobre o aos usuarios do establecemento realizarase en sesións informativas a realizar:

- 1ª sesión..... 21 de marzo
- 2ª sesión..... 18 de abril

O profesorado titor deberá explicar o Plan de Emerxencia, en especial as normas de evacuación , ao alumnado utilizando unha linguaxe adaptada á idade dos nenos e nenas.

8.4 Sinalización

Será necesario revisar a sinalización do colexio relacionada con emerxencias e evacuacións:

- Cada aula debe tener un plano de evacuación de planta e a identificación do punto de reunión.

Os planos serán colocados na parte posterior da porta de entrada, levarán un indicativo do tipo

“Vostede está aquí.”

- Xunto ao plano estarán as normas de evacuación.

8.5 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.

Medios	Datas de realización
Confección de planos	Febreiro 2017
Incorporación de medios técnicos	
Confección de carteis.	Marzo 2017
Confección de planos <i>Vostede está aquí.</i>	Marzo 2017
Reunións informativas	Marzo e abril 2017
Selección do persoal que formará parte da Brigada de Emerxencias.	Abril 2017
Formación do persoal seleccionado.	Indeterminado en espera da resposta dos organismos oficiais implicados.
Colocación de carteis.	Marzo 2017.
Colocación de planos <i>Vostede está aquí.</i>	Marzo 2017.
Colocación de sinais previstos	Marzo 2017.
Realización de simulacros.	Abril 2017 e maio 2017 (con medios técnicos e equipos de intervención)

CAPÍTULO 9. MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA.

9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.

Seguiranse as instrucións da Consellería de Educación e das administracións públicas competentes en materia laboral de acordo co artigo 7 da lei 31/1995 de prevención de Riscos Laborais , no que se refire á formación e reciclaxe dos e das traballadoras do colexio.

Desde a dirección do centro facilitaranse as accións formativas desenvolvidas desde a Consellería de Educación.

Os membros das brigadas recibirán información impresa sobre o seu cometido e o que se espera da súa actuación.

O mantemento da formación e información realizarase:

- Cursos de reciclaxe os que determinen as administracións.
- Cursos de novo persoal os que determinen as administracións. O persoal que se incorpore novo ao colexio recibirá un resumo deste Plan coas instrucións, ademais deberá asistir a unha reunión plenaria sobre o Plan de Emerxencias e Evacuación.
- Recordatorio información ao persoal na semana anterior á realización de simulacros.

9.2 Programa de simulacros.

Como xa se indicou, o programa de reciclaxe da formación desenvólvese no apartado anterior 9.1.

Levaranse a cabo dous tipos de simulacros:

Con preaviso, co aboectivo de que o persoal adquira coñecemento do que é unha evacuación. Este tipo de simulacro non medirá a resposta das Brigadas ou do persoal do colexio, só terá fins educativos.

Sen preaviso, desenvolverase simulando unha situación real de emerxencia para comprobar e detectar erros nos procedementos de actuación.

O simulacro é a comprobación de que o sistema de emerxencia deseñado é válido.

Os simulacros serven para:

- Detectar omisións nas condutas previstas no Plan.
- Adestrarse nas evacuacións.
- Medir os tempos de evacuación.
- Comprobar a localización dos medios de protección e o seu estado.
- Comprobar a rapidez de desposta das misións asignadas ás persoas.
- Comprobar a correcta posta dos equipos.
- Comprobar a sinalización.

Na fase de preparación realizarase:

- Reunións da Dirección.
- Determinación das bases ou supostos do exercicio.

- Información aos usuarios, si establéceo algunha norma ou o quere a Dirección do establecemento, pero sen avisar o día nin a hora.
- Determinación do día e hora do simulacro, tentando manter o factor sorpresa.
- Reunións con Axudas Exteriores, aínda que non participen no exercicio.
- Comunicación da realización do simulacro ás forzas e corpos de seguridade, ao persoal sanitario de axuda externa, etc

O desenvolvemento do simulacro terá as seguintes etapas:

- Localización dos Controladores nos lugares prefixados.
- Dar o sinal de ALARMA.
- Realizar a evacuación do establecemento.
- Os E.A.E. controlarán os tempos de evacuación da planta asignada ata o reconto no punto ou puntos de reunión.
- Ordenar o regreso ao establecemento.
- Avaliación do exercicio

Con posterioridade á realización do simulacro deberá existir unha reunión dos responsables de seguridade no establecemento, para avaliar todas as incidencias habidas no simulacro.

O próximo simulacro terá lugar en maio de 2017 en data non determinada no momento da redacción deste documento, antes planificarase un simulacro educativo.

Como norma xeral realizarase un simulacro anual durante os tres primeiros meses do curso escolar (setembro, outubro o novembro)

9.3 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Emerxencia.

Os criterios que determinarán a revisión do Plan de Emerxencia son:

- Cambio das condicións das instalacións.
- Cambio ou modificación dos procedementos de traballo.
- Incorporación de novas tecnoloxías.
- Cambio ou modificación do equipo directivo do establecemento.
- Cambio ou modificación dos membros da Brigada de Emerxencias
- Consecuencia da análise dos exercicios e simulacros que se efectuaron no establecemento.

ANEXOS

ANEXO I. DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN.**1. TELÉFONOS DO PERSOAL DE EMERXENCIAS.**

Existe un directorio cos números de teléfono das persoas integrantes das Brigadas e daquelas que ostentan unha responsabilidade segundo o establecido neste Plan de Emerxencias.

En caso de corte eléctrico deixará de funcionar a telefonía fixa debido a que na actualidade trátase dun sistema de VoIP, polo que será necesario recurrir aos teléfonos móbiles, que dispoñen de axenda e non fan necesario o recurso a un directorio externo.

2. TELÉFONOS DE AXUDA EXTERIOR.

AXUDAS EXTERNAS DE EMERXENCIAS	TELÉFONO
EMERXENCIAS	112
EMERXENCIAS SANITARIAS	061
PROTECCIÓN CIVIL Y GRUMIR	696 446 870
PARQUE BOMBEIROS	080
GARDA CIVIL	062
POLICÍA NACIONAL	091
POLICÍA LOCAL	092
HOSPITAL	Centro de saúde: 981 42 04 10 Hospital de Ferrol: 981 33 40 00

ANEXO II. FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DE EMERXENCIAS.

Xúntanse como anexo modelos de formularios para a xestión de emerxencias.

ANEXO III. PLANOS.

Os planos estarán expostos na entrada do edificio principal, xunto cos percorridos de evacuación.

Entregarase una copia dos planos ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamentos que corresponda ou para o Departamento de Protección Civil, segundo a organización municipal que se teña.

Planos que se xuntan:

- Plano de situación, con información sobre a contorna.
- Planos descritivos de todas as plantas dos edificios, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade.
- Planos de localización por plantas de todos os elementos e/ou instalacións de risco, tanto os propios como os da contorna.
- Planos de percorridos de evacuación e áreas de confinamento, reflectindo o número de persoas a evacuar ou confinar por áreas segundo os criterios fixados na normativa vixente.